territorial que se consideren necesarias, para ter en conta nos proxectos que desenvolvan posteriormente o estudo ou proxecto ou, cando aquelas sexan significativas, nun novo estudo ou proxecto que sexa sometido á mesma tramitación que o orixinal. Resolverase tamén sobre a aprobación do expediente de información pública.

3. En caso de que o informe dalgunha das administracións ás que se lle tivese dado trámite de audiencia preceptivo en materia de estradas expresase de xeito motivado a súa falta de conformidade co trazado proposto no estudo ou proxecto, o expediente elevarase ó Consello da Xunta de Galicia, que será o competente para emitir a resolución de aprobación definitiva do estudo ou proxecto, previo informe da consellería da Xunta de Galicia competente en materia de estradas.

4. Cando se trate de estudos informativos que non estean incluídos no Plan Director de Estradas de Galicia ou no plan sectorial de estradas da administración promotora, a súa aprobación definitiva corresponderalle ó Consello da Xunta de Galicia, previo informe da consellería da Xunta de Galicia competente en materia de estradas no caso de actuacións promovidas polas entidades locais.

5. A aprobación definitiva dos anteproxectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción implicará a declaración de utilidade pública, a prevalencia desta utilidade pública sobre a dos montes veciñais o os aproveitamentos de recursos mineiros que non dispoñan dunha concesión outorgada, a necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para a execución das obras, os depósitos dos materiais sobrantes e os préstamos necesarios para executalas, sempre que veñan previstos no seu proxecto, así como para o replanteo do proxecto e as modificacións deste que, no seu caso, se puidesen aprobar posteriormente, e a urxencia da ocupación, todo iso para os efectos de expropiación, ocupación temporal ou imposición ou modificación de servidumes.

CAPÍTULO III - COORDINACIÓN

Artigo 22. Coordinación co planeamento urbanístico.

1. Os estudos e proxectos sometidos ós trámites de información pública e audiencia en materia de estradas, unha vez aprobados definitivamente, teñen a consideración de proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, segundo o disposto na lexislación autonómica de ordenación do territorio. A estes efectos, as súas directrices vincularán o planeamento das entidades locais en que se asenten, que haberán de adaptarse a elas con ocasión da súa redacción, revisión ou modificación. Mentres non se realice a citada adaptación, as súas directrices prevalecerán sobre a ordenación urbanística vixente nos aspectos relativos ó sistema viario e de comunicacións.

2. Nos supostos de redacción, revisión ou modificación de instrumentos de planeamento que afecten ás estradas existentes ou a actuacións previstas nos plans de estradas vixentes, o concello remitirá, con anterioridade á súa aprobación inicial, o correspondente documento ás administracións titulares das estradas afectadas para que emitan informe sobre este no prazo dun (1) mes, con carácter vinculante.

3. Nos treitos urbanos das estrada, o instrumento de planeamento urbanístico determinará a aliñación de edificación, que poderá fixarse, de xeito motivado, a unha distancia inferior á que prevé esta Lei con carácter xeral para a liña límite de edificación das estradas, valorando a existencia de edificacións continuadas preexistentes, así como a concorrencia de razóns técnicas, socioeconómicas ou de orografía do terreo que poidan aconsellar a redución.

4. Cando con motivo da redacción, revisión ou modificación de instrumentos de planeamento pasen a clasificarse como urbanizables terreos adxacentes ás estradas, destinaranse ó sistema xeral viario, incluíndoos como parte do sector de solo urbanizable, os terreos comprendidos entre a liña exterior da zona de dominio público e a liña límite de edificación.

No instrumento de planeamento preverase a obtención deses terreos por parte da administración titular da estrada mediante cesión obrigatoria ou ocupación directa, nos termos previstos na lexislación autonómica en materia de ordenación urbanística.

5. Unha vez aprobados definitivamente os anteproxectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción, as limitacións á propiedade e á titularidade doutros dereitos establecidos nesta Lei serán efectivas con respecto dos terreos ós que afecte a actuación correspondente.

Artigo 23. Coordinación con outras administracións.

Correspóndelle á consellería da Xunta de Galicia competente en materia de estradas fixar as directrices que rexan os plans sectoriais de estradas das entidades locais e supervisar a súa execución, a fin de coordinar a planificación das distintas administracións e garantir a coherencia e funcionalidade do sistema viario da Comunidade Autónoma.

TÍTULO III - CONSTRUCIÓN, FINANCIAMENTO E EXPLOTACIÓN

CAPÍTULO I - CONSTRUCIÓN

Artigo 24. Requisito de existencia de proxecto previo.

Só se poderán executar obras de estradas cando exista previamente un proxecto de construción aprobado definitivamente, excepto no caso de obras de emerxencia ou de conservación ordinaria

executadas por medios propios ou segundo a tramitación prevista na lexislación vixente en materia de contratos do sector público.

Artigo 25. Modalidades de execución das obras.

A execución das obras de estradas poderá realizarse directamente polo administración promotora da actuación con medios propios, mediante a súa contratación con terceiros por calquera das modalidades previstas na lexislación de contratos do sector público, ou mediante encomenda ou convenio con outras administracións, con organismos, sociedades ou entes públicos ou con particulares.

Artigo 26. Inspección e dirección das obras.

Os obras de estradas serán executadas baixo a dirección ou inspección da administración promotora da actuación.

Artigo 27. Actuacións de interese xeral.

As obras de estradas promovidas por calquera administración, incluíndo todas as actuacións necesarias para a súa execución, así como as realizadas nas zonas onde se sitúen os seus elementos funcionais e de servizo ou na zona de servidume, constitúen actuacións de interese xeral e, polo tanto, non están sometidas a licenza ou calquera outro acto de control preventivo municipal previsto na lexislación reguladora das bases do réxime local.

A execución das ditas obras, sempre que se realice de acordo cos proxectos aprobados, unicamente poderá ser suspendida pola autoridade xudicial.

Artigo 28. Expropiacións.

As expropiacións ou ocupacións temporais de bens e dereitos e a imposición ou modificación de servidumes, no seu caso, necesarias para a construción das obras de estradas ás que se refire esta Lei efectuaranse de acordo co establecido na lexislación vixente en materia de expropiación.

A administración titular subrogarase na posición xurídica da persoa expropiada para os efectos do seu dereito ó aproveitamento urbanístico que lle corresponda ós terreos expropiados.

Non obstante, a administración titular poderá expropiar unicamente o solo como en situación rural, deixando o aproveitamento urbanístico en posesión da persoa expropiada sempre que esta o solicite, a administración titular o considere oportuno e sexa posible conforme ó planeamento urbanístico.

Artigo 29. Servizos e bens afectados.

No caso de que deban ser expropiados servizos ou bens afectados pola execución das obras, a administración promotora poderá optar en substitución da expropiación pola súa reposición. A titularidade destes servizo e bens repostos, así como as responsabilidades derivadas do seu funcionamento, mantemento, conservación e explotación, corresponderalle á persoa que fose a súa titular orixinaria.

No caso de que a administración promotora opte pola reposición dos servizos e bens que resulten afectados polas obras de estradas, as persoas titulares están obrigadas á facilitar que as obras de reposición se poidan iniciar no prazo de dous (2) meses dende que lle sexa notificada por parte daquela a súa intención de iniciar as ditas obras.

CAPÍTULO II - FINANCIAMENTO

Artigo 30. Financiamento das actuacións.

1. O financiamento das inversións e dos gastos derivados da planificación, proxección, construción, mellora, conservación, explotación e, en xeral, de todas as actuacións levadas a cabo nas estradas reguladas por esta Lei, poderá realizarse por unha ou varias das seguintes modalidades:

a) Mediante as consignacións que a tal fin se inclúan nos presupostos da administración titular.

b) Mediante contratos para a construción e/ou explotación das estradas en réxime de concesión de obra pública, financiándose nese caso mediante os recursos propios das sociedades concesionarias, os alleos que estas mobilicen e as subvencións ou outro tipo de achega económica por parte da administración que se lles puidera outorgar.

c) Mediante procedementos de colaboración con outras administracións públicas, sociedades ou entes públicos, con outros organismos locais, nacionais, comunitarios ou internacionais, ou con particulares.

d) Mediante os recursos xerados pola explotación das estradas.

e) Mediante o establecemento de contribucións especiais.

f) Mediante calquera outros mecanismos previstos nesta Lei ou na normativa urbanística, patrimonial ou de contratación administrativa.

2. Nos treitos das estradas onde se estableza un pago de peaxe ou taxa polo seu uso, a administración titular poderá establecer medidas ou procedementos compensatorios que veñan a reducir ou anular o pago directo pola persoa usuaria.

Artigo 31. Recursos xerados pola explotación das estradas.

As estradas reguladas por esta Lei poderán xerar recursos económicos a favor da administración titular da rede, dos seguintes xeitos:

a) Mediante o establecemento dunha taxa por ocupación, uso privativo ou aproveitamento especial do dominio público viario.

b) Mediante o establecemento dunha taxa polo uso da rede de estradas.

c) Mediante o establecemento dunha taxa pola dirección dos contratos asociados á xestión da rede de estradas.

d) Mediante o alleamento de propiedades e terreos de carácter patrimonial que formen parte da rede de estradas.

e) Mediante o alleamento do aproveitamento urbanístico dos terreos que conforman o dominio público viario ou doutros terreos de carácter patrimonial que formen parten da rede de estradas.

f) Pola recadación das indemnizacións por danos, procedementos de execución subsidiaria, multas coercitivas e sancións derivadas das infraccións cometidas en aplicación desta Lei.

Artigo 32. Contribucións especiais.

1. Poderán impoñerse contribucións especiais cando da execución das obras que se realicen para a construción de estradas ou accesos resulte a obtención por persoas físicas e xurídicas dun beneficio especial, aínda que este non poida fixarse nunha cantidade concreta. O aumento do valor de determinadas fincas a causa da execución das obras terá a estes efectos a consideración de beneficio especial.

2. Serán suxeitos pasivos destas contribucións especiais aqueles que se beneficien de modo directo coas estradas ou accesos a executar e, especialmente, as persoas titulares das fincas e establecementos contiguos e os das urbanizacións que resulten melloradas na súa comunicación.

3. A cota global determinarase pola seguinte porcentaxe da base impoñible, que estará constituída polo custo total das obras, incluíndo, no seu caso, todos os custos adicionais inherentes á súa execución e, en particular, o custe das expropiacións que deban realizarse:

a) Con carácter xeral, ata o vinte e cinco por cen (25%).

b) En vías de servizo, ata o cincuenta por cen (50%).

c) Nos accesos de uso particular a fincas, establecementos, instalacións, explotacións ou urbanizacións, ata o noventa por cen (90%).

4. A cota global das contribucións especiais repartirase entre os suxeitos pasivos establecendo un tipo de gravame para cada un deles que atenda a aqueles criterios obxectivos que, segundo a natureza das obras, construcións ou circunstancias que concorran naqueles, se determinen de entre os seguintes:

a) Superficie das fincas, establecementos, instalacións, explotacións ou urbanizacións beneficiadas.

b) Situación, proximidade e accesos á estrada das fincas, establecementos, instalacións, explotacións ou urbanizacións.

c) Aqueloutras que se determinen no documento regulador da contribución especial, en atención ás circunstancias particulares que concorran na actuación.

5. O órgano superior de goberno da administración promotora da actuación aprobará, por proposta dos seus órganos competentes en materia de facenda e estradas, o establecemento de contribucións especiais nos supostos a que se refire esta Lei.

CAPÍTULO III - EXPLOTACIÓN

Artigo 33. Concepto.

1. A explotación do dominio público viario comprende as operacións de conservación e mantemento, así como todas as accións encamiñadas á súa defensa, mellor uso e aproveitamento.

2. A conservación e mantemento do dominio público viario comprende as actividades necesarias para preservar o estado dos seus bens e manter a vialidade da rede de estradas.

3. A defensa do dominio público viario comprende as accións dirixidas a protexer e evitar as actividades que o prexudiquen ou menoscaben, así como a manter a funcionalidade e seguridade viaria da rede de estradas.

4. O mellor uso e aproveitamento do dominio público viario refírese ás actuacións encamiñadas a facilitalo seu emprego nas mellores condicións de seguridade e comodidade. Comprenderá, a estes efectos, as intervencións en materia de información e sinalización e a ordenación de accesos e usos das zonas de protección.

5. A administración titular da estrada é a única competente para a súa sinalización permanente, debéndose considerar ilegal, a todos os efectos, toda sinalización establecida por calquera outra persoa ou entidade sen previa autorización daquela.

6. A administración titular da estrada poderá convir cos concellos nos que se sitúe unha travesía o que estime procedente en orden a mellorar a explotación e integración urbana daquela.

7. Corresponderalle ós concellos a conservación e mantemento de todos os elementos que, estando situados no dominio público viario, non formen parte da estrada nin dos seus elementos funcionais ou de servizo e lle sirvan a aqueles para exercer as súas competencias propias.

Artigo 34. Modos de explotación.

1. A administración titular da rede, como regra xeral, xestionará e explotará directamente o dominio público viario, incluíndo as súas travesías, cuxa utilización será gratuíta para as persoas usuarias salvo que se estableza unha taxa polo seu uso.

2. O dominio público viario tamén poderá ser explotado indirectamente por particulares a través de calquera dos sistemas de xestión previstos na lexislación vixente de contratos do sector público.

3. A administración titular da rede poderá crear entidades ou sociedades públicas ó obxecto de xestionar indirectamente a explotación do dominio público viario.

Artigo 35. Inspección e dirección da explotación.

A explotación das estradas realizarase baixo a dirección ou inspección da administración titular da rede.

Artigo 36. Limitacións á circulación.

A administración titular da rede de estradas, no ámbito das súas competencias, poderá impoñer de xeito motivado limitacións temporais ou permanentes á circulación en certos treitos daquela, así como para determinados tipos de vehículos, nos supostos previstos na normativa en materia de circulación.

TÍTULO IV - PROTECCIÓN DO DOMINIO PÚBLICO VIARIO

CAPÍTULO I - DELIMITACIÓN DE ZONAS

Artigo 37. Zona de dominio público.

1. A zona de dominio público está integrada polos terreos ocupados por tódolos elementos do dominio público viario adquiridos por título lexítimo pola administración titular.

2. A zona de dominio público adxacente é a parte da zona de dominio público formada polos terreos adxacentes ás estradas e ós seus elementos funcionais e de servizo, adquiridos por título lexítimo pola administración titular pero non ocupadas directamente polos elementos anteriores. A estes efectos a distancia entre a aresta exterior da explanación correspondente ás calzadas e elementos funcionais e servizo previstos e o límite exterior da zona de dominio público adxacente, medida horizontal e ortogonalmente dende a primeira, non poderá ser superior a:

a) Quince metros (15 m) no caso de autovías, autoestradas e vías para automóbiles.

b) Dez metros (10 m) no caso de autovías urbanas, estradas convencionais e elementos funcionais e de servizo.

3. Naqueles treitos de estrada nos que existan túneles, pontes, viadutos, estruturas ou obras similares, adquiriranse e pasarán a formar parte da zona de dominio público adxacente, como regra xeral, os terreos comprendidos entre a proxección vertical das liñas exteriores de delimitación das obras sobre o terreo.

En todo caso, cando menos, adquirirase e pasará a formar parte da zona de dominio público adxacente o terreo ocupado polos soportes e cimentacións das estruturas ou obras similares e unha franxa de terreo de tres metros ó redor deles.

Artigo 38. Zonas de protección da estrada e liña límite de edificación.

1. Para a protección do dominio público viario e a debida prestación do servizo público viario, ademais da zona de dominio público, establécense as zonas de protección da estrada denominadas de servidume e de afección, así como o trazado da liña límite de edificación.

2. A efectos do réxime xurídico de protección do dominio público viario, os ramais de enlace e as vías de xiro de interseccióǹs terán a consideración de estradas convencionais.

3. Cando pola proximidade das calzadas, enlaces e outros supostos, as zonas de dominio público, de servidume ou de afección dunha o máis estradas, dalgunha das súas calzadas ou dos elementos funcionais ou de servizo se superpoñan entre elas, en todo caso prevalecerá o réxime establecido para a zona de dominio público sobre a de servidume e o desta sobre a de afección.

4. Nos treitos urbanos das estradas non se establecen nin zonas de protección da estrada nin liña límite de edificación.

5. As persoas propietarias dos terreos, construcións, establecementos, instalacións ou calquera outros bens situados nas zonas de protección das estradas e as titulares das actividades que se desenvolvan naqueles, están obrigadas a conservalos nas debidas condicións de limpeza e seguridade para que non afecten ó adecuado funcionamento do servizo público viario, debendo executar as obras e actuacións necesarias para mantelos nas debidas condicións. Serán responsables dos danos e perdas causados polo incumprimento desta obriga.

Artigo 39. Delimitación da zona de servidume.

1. A zona de servidume está formada por dúas franxas de terreo, unha a cada lado da estrada, delimitadas interiormente polas liñas exteriores da zona de dominio público e exteriormente por dúas liñas paralelas ós ditos límites e medidas horizontal e ortogonalmente dende eles, a unha distancia de:

a) Dez metros (10 m) no caso de autoestradas, autovías e vías para automóbiles.

b) Cinco metros (5 m) no caso de autovías urbanas, estradas convencionais e elementos funcionais e de servizo.

2. No caso de que existan túneles, pontes, viadutos, estruturas ou obras similares, os terreos comprendidos entre a proxección ortogonal das liñas exteriores de delimitación das obras sobre o terreo que non formen parte da zona de dominio público, formarán parte da zona de servidume.

Artigo 40. Delimitación da zona de afección.

A zona de afección está formada por dúas franxas de terreo, unha a cada lado da estrada, delimitadas interiormente polas liñas exteriores da zona de servidume e exteriormente por dúas

liñas paralelas ás arestas exteriores da explanación e medidas horizontal e ortogonalmente dende elas, a unha distancia de:

a) Cen metros (100 m) no caso de autoestradas, autovías e vías para automóbiles.

b) Trinta metros (30 m) no caso de autovías urbanas, estradas convencionais e elementos funcionais e de servizo, sen ter en conta, neste último caso, a explanación dos camiños de servizo.

Artigo 41. Delimitación da liña límite de edificación.

1. A liña límite de edificación está situada a ambos lados da estrada cun trazado que discorre paralelo ás liñas exteriores de delimitación das calzadas a unha distancia, medida horizontal e ortogonalmente a aquelas, de:

a) Cincuenta metros (50 m) no caso de autoestradas, autovías e vías para automóbiles.

b) Quince metros (15 m) no caso de autovías urbanas, estradas convencionais e elementos funcionais e de servizo.

2. No suposto de que as distancias establecidas no punto anterior queden incluídas dentro da zona de dominio público ou da zona de servidume, a liña límite de edificación establecerase na liña límite exterior da zona de servidume.

3. A administración titular da rede de estradas poderá excepcionalmente tramitar un expediente de redución das distancias sinaladas neste artigo, fora dos treitos urbanos, sempre que quede garantida a ordenación das marxes da estrada, o adecuado control dos seus accesos e a seguridade viaria, cando nunha estrada, ou en treitos concretos dela, as características do lugar fagan extraordinariamente dificultoso o respecto ás distancias sinaladas. O expediente requirirá a emisión dun informe previo vinculante da consellería competente en materia de estradas e o seu acordo de resolución publicarase no Diario Oficial de Galicia.

Artigo 42. Dereitos preexistentes.

1. O establecemento e delimitación das zonas de protección e da liña límite de edificación, tanto das estradas existentes como das novas que se constrúan, así como as limitacións sinaladas nesta Lei e o réxime de usos autorizables que se regula nela, non alteran a situación de propiedade preexistente dos terreos ós que afecta nin a titularidade dos dereitos de terceiros sobre eles. Tampouco xera dereito a indemnización algunha para as persoas titulares dos dereitos sobre os terreos afectados.

2. A ocupación dos terreos da zona de servidume para o emprazamento de instalacións ou a realización de actividades públicas directamente vinculadas coa construción ou mantemento da estrada e, en xeral, cando o requira o servizo público viario, dará lugar a indemnización polos danos e perdas causados polo seu emprego.

CAPÍTULO II - USOS AUTORIZABLES

Artigo 43. Usos autorizables na zona de dominio público.

1. Na explanación da estrada e nos seus elementos funcionais e de servizo só se poderán autorizar os seguintes usos:

a) Cruzamentos subterráneos ou aéreos que sexan imprescindibles para dar continuidade ás redes e infraestruturas de servizos públicos ou para conectarse a eles.

b) Pasos inferiores ou superiores.

c) Obras de acceso á propia estrada.

d) Excepcionalmente, apoios de redes e infraestruturas aéreas de servizos públicos cando sexan empregados de xeito compartido coa rede de alumeado público en autovías urbanas, estradas convencionais e elementos funcionais e de servizo, fora dos seus treitos urbanos e sempre que non se trate de apoios de redes eléctricas de alta tensión.

e) Excepcionalmente, conducións subterráneas lonxitudinais correspondentes a redes e infraestruturas de servizos públicos, cando se xustifique debidamente que polas condicións extremadamente dificultosas da orografía do terreo, ou pola súa condición urbana, non existe outra solución tecnicamente viable e se sitúen, preferentemente, fora da calzada e, cando sexa posible, tamén das súas beiravías.

2. Na zona de dominio público adxacente só se poderán autorizar os seguintes usos:

a) Usos autorizables na explanación e nos seus elementos funcionais e de servizo.

b) Conducións subterráneas lonxitudinais correspondentes a redes e infraestruturas de servizos públicos.

c) Excepcionalmente, apoios de redes e infraestruturas aéreas de servizos públicos, cando polas condicións orográficas do terreo resulta tecnicamente inviable retiralos a maior distancia en autovías urbanas, estradas convencionais e elementos funcionais e de servizo, fora dos seus treitos urbanos e sempre que non se trate de apoios de redes eléctricas de alta tensión.

3. En ningún caso se autorizarán obras na zona de dominio público que prexudiquen a integridade da estrada, a seguridade viaria ou a súa adecuada explotación.

Artigo 44. Usos autorizables na zona de servidume.

1. Na zona de servidume das estradas só se poderán autorizar os seguintes usos:

a) Usos autorizables na zona de dominio público adxacente.

b) Cultivos agrícolas

c) Plantación e tala de arborado.

d) Peches completamente diáfanos, sobre piquetes sen cimentación de obra de fábrica, por circunstancias especiais de aproveitamento agrícola ou gandeiro debidamente acreditadas.

e) Movementos de terra e explanacións.

f) Excepcionalmente, viarios, aparcamentos, illotes e zonas axardinadas de uso público.

2. En ningún caso se autorizarán obras na zona de servidume que prexudiquen a integridade da estrada, a seguridade viaria ou a súa adecuada explotación.

Artigo 45. Usos autorizables na zona de afección.

Na zona de afección poderanse autorizar todos aqueles usos que non prexudiquen a integridade da estrada, a seguridade viaria ou a súa adecuada explotación, coas excepcións establecidas na presente Lei na parte da zona de afección comprendida entre a estrada e a liña límite de edificación.

Artigo 46. Usos autorizables entre a calzada e a liña límite de edificación.

Dende a liña exterior de delimitación da calzada da estrada ata a liña límite de edificación prohíbese calquera tipo de construción de nova planta, por encima ou por debaixo da rasante do terreo, os peches non diáfanos ou de fábrica, así como a instalación, excepto cruzamentos, dos apoios das redes e infraestruturas aéreas de servizos públicos, coas excepcións establecidas nesta Lei.

O réxime establecido nesta Lei non modificará, en ningún caso, o disposto na normativa urbanística para os edificios fora de ordenación.

CAPÍTULO III - AUTORIZACIÓNS

SECCIÓN 1.ª - CONDICIÓNS XERAIS

Artigo 47. Réxime xeral e competencia.

1. A execución de obras, instalacións ou a realización de calquera outra actividade na zona de dominio público da estrada ou nas súas zonas de protección está suxeita ó deber de obter a correspondente autorización previa, salvo que expresamente sexa permitida a súa libre realización nesta Lei.

2. A administración titular da estrada ten a competencia para o outorgamento das autorizacións para realizalas obras, instalacións ou actividades na zona de dominio público da estrada ou nas súas zonas de protección. Na parte da zona de dominio público dos treitos urbanos distinta das calzadas e das súas beiravías, as anteditas autorizacións serán outorgadas polos concellos, previo informe vinculante da administración titular da estrada. Ese informe será tamén preciso no caso de obras a realizar polo propio concello.

3. A autorización da administración titular da estrada é independente e non está vinculada polo outorgamento, no seu caso, doutras licencias e autorizacións que sexan necesarias para a execución das obras, instalacións ou actividades de que se trate.

4. No outorgamento de autorizacións imporanse as condicións que, en cada caso, se consideren oportunas para evitar danos e perdas á estrada, ás zonas de protección, ós seus elementos funcionais, á seguridade da circulacións viaria ou á adecuada explotación da estrada.

Artigo 48. Tramitación.

1. Os procedementos de outorgamento de autorizacións iniciaranse a instancia da persoa interesada e tramitarase segundo o disposto na lexislación en materia de procedemento administrativo, excepto no expresamente regulado nesta Lei ou no seu regulamento.

2. A resolución do expediente deberá producirse no prazo de seis (6) meses a contar dende o día seguinte a que a solicitude teña entrado no rexistro da administración titular da rede. O transcurso do dito prazo sen que se teña practicado a notificación da resolución permitirá á persoa interesada entender desestimada a súa pretensión por silencio administrativo.

3. Con carácter previo á solicitude de autorización, as persoas interesadas poderán consultar á administración titular da estrada sobre a viabilidade da actuación pretendida, así como obter información e orientación acerca dos requisitos técnicos e xurídicos que as disposicións vixentes lle impoñan.

Artigo 49. Efectos da autorización.

1. As autorizacións outorgaranse a reserva das demais licencias e autorizacións necesarias, sen prexuízo de terceiro e deixando a salvo os dereitos preexistentes sobre os terreos ou bens. Non suporán en ningún caso a cesión do dominio público, nin a asunción pola administración titular de responsabilidade algunha respecto da persoa titular da autorización ou de terceiros.

2. As actuacións poderán ser inspeccionadas en todo momento, e sen ningún tipo de restrición, polo persoal da administración titular da estrada.

3. As autorizacións outorgadas para a realización de obras, instalacións ou actividades na zona de dominio público serano en precario, quedando obrigado a persoa solicitante a retirar á súa costa os elementos instalados cando sexa necesario por motivo de calquera obra a realizar na estrada pola administración titular desta.

4. As autorizacións outorgadas para a realización de obras, instalacións ou actividades na zona de dominio público exclúen o abono á persoa interesada de calquera indemnización por razón dos danos ou perdas ocasionados pola explotación e uso da estrada, incluíndo os causados polo tráfico, ou por calquera obra a realizar na estrada pola administración titular desta, incluíndo as de conservación. Nese caso, a reposición das obras e elementos amparados pola autorización será de conta da persoa interesada.

Artigo 50. Modificación ou suspensión de autorizacións.

1. A administración titular da estrada poderá, en calquera momento, modificar ou suspender temporal ou definitivamente a autorización nos casos seguintes:

a) Cando a actuación produza danos no dominio público viario.

b) Por incumprimento das condicións da autorización.

c) Por poñer en risco a seguridade viaria.

d) Cando se alteren os supostos determinantes do seu outorgamento.

2. O procedemento para modificar ou suspender a autorización iniciarase de oficio ou a instancia de parte, e será instruído pola administración titular da estrada. En todo caso, e antes da resolución do procedemento, daráselle audiencia ás persoas interesadas co fin de que poidan formular cantas alegacións consideren oportunas.

Artigo 51. Garantías.

1. A realización de calquera actuación no dominio público viario poderá requirir a constitución polas persoas interesadas da correspondente garantía por unha contía que será determinada pola administración titular da estrada.

2. A garantía será independente das taxas que, con carácter xeral, se devenguen pola tramitación do expediente da autorización e sen prexuízo das responsabilidades en que se puidese incorrer polo incumprimento das condicións establecidas naquela.

3. No suposto de que as persoas interesadas ocasionasen danos ou perdas ó dominio público viario, a administración titular da estrada incautará a garantía na contía equivalente ós ditos danos e perdas. En todo caso, a persoa interesada deberá indemnizar á administración titular polos danos e perdas que exceden do importe da contía incautada.

4. Se a obra se deteriora ou arruína con posterioridade á expiración do prazo de garantía por vicios ocultos da construción, a persoa titular da autorización responderá dos danos e perdas ocasionados durante o prazo de vinte (20) anos a contar dende a data do acta de conformidade.

SECCIÓN 2.ª - CONDICIÓNS PARTICULARES

Artigo 52. Accesos.

A administración titular da rede poderá limitar e ordenar os accesos ás estradas e establecer, con carácter obrigatorio, os lugares e as condicións en que tales accesos se poidan construír, atendendo á normativa vixente e aplicando criterios de intensidade de tráfico, seguridade viaria e funcionalidade e explotación da estrada. En todo caso, será prioritario o emprego de accesos existentes.

Artigo 53. Publicidade.

1. Queda prohibida a colocación, fixa ou provisional, de carteis ou outros elementos publicitarios na zona de dominio público da estrada e nas súas zonas de protección, agás nos seguintes supostos, que non teñen a consideración de publicidade:

a) Carteis informativos instalados ou autorizados pola administración titular da estrada. A estes efectos, considéranse carteis informativos:

1.º As sinais e carteis de circulación, e os seus paneis complementarios.

2.º A sinalización turística oficial de lugares, paraxes e paisaxes de interese natural ou cultural.

3.º Os que sinalicen instalacións de carácter público vinculadas ó sistema de transporte.

4.º Os que se refiran a actividades ou obras que afecten á estrada ou informen sobre o estado da vía e demais circunstancias relacionadas co tráfico.

5.º Os que informen da estación de servizo máis próxima e sobre os prezos dos produtos enerxéticos naquela e nas inmediatamente posteriores.

b) Rótulos dos establecementos mercantís ou industriais que sexan indicativos da súa actividade, sempre que se sitúen nos edificios e terreos en que aqueles desenvolvan a súa actividade, se sitúen máis separados da estrada que a liña límite de edificación e a unha distancia da calzada non inferior á súa altura.

c) Anuncios de espectáculos, celebracións ou probas culturais, deportivas ou similares, que se desenvolvan na propia estrada, sempre que a súa celebración sexa ocasional.

2. A disposición de publicidade nos treitos urbanos, fora da zona de dominio público, estará sometida ás ordenanzas municipais. En todo caso, non lle poderá afectar á sinalización, á iluminación ou ó balizamento da estrada.

CAPÍTULO IV - MEDIDAS DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE VIARIA

Artigo 54. Réxime xeral e competencia.

A competencia para a execución das medidas de protección da legalidade viaria previstas neste capítulo correspóndelle á administración titular da estrada, que poderá requirir o auxilio da forza pública, cando resultase necesario para a súa execución.

Artigo 55. Medidas de protección.

1. A administración titular da estrada poderá dispoñer, sen mais trámites, en resolución motivada a inmediata paralización das obras e a suspensión dos usos non autorizados ou que non se axusten ás condicións establecidas nas correspondentes autorizacións outorgadas por ela.

2. A administración titular da estrada poderá instar, mediante a oportuna notificación ás empresas subministradoras de servizos públicos, para que procedan a suspender no prazo de sete (7) días naturais o subministro do servizo correspondente ás obras ou usos nos que se tivese disposto a súa paralización ou suspensión. A suspensión do subministro só se poderá levantar unha vez se teña procedido á legalización das obras ou uso ou trala notificación en tal sentido da administración titular da estrada ás empresas subministradoras.

3. A administración titular da estrada poderá precintar as obras ou instalacións e ordenar á persoa responsable da actuación, obra ou uso a retirada, no prazo de dous (2) días naturais, da

maquinaria e dos materiais acopiados. Se incumprise a obriga de retirada, esta poderá realizarse, sen máis trámites, pola administración titular, á costa daquela.

4. Se as actuacións non autorizadas ou que non se axustan á autorización supoñen un risco grave para a seguridade viaria, a administración titular da estrada poderá adoptar, a costa da persoa responsable e sen máis trámites, as medidas que estime oportunas para garantir a seguridade da circulación.

5. Na resolución de paralización ou suspensión, instarase á persoa responsable para que, no prazo de sete (7) días naturais, solicite a legalización das obras ou usos, no caso de que se apreciase que puideran ser legalizables, ou, en caso contrario, alegue o que estime oportuno.

6. Se a persoa responsable non solicita a legalización no dito prazo ou cando a actuación non fose legalizable, a administración titular da estrada poderá acordar en resolución motivada a demolición das obras e a suspensión definitiva dos usos e o restablecemento da realidade física alterada, requirindo á persoa responsable a que proceda ó seu cumprimento no prazo que se lle conceda, que debe ser proporcional ás circunstancias da actuación a realizar. Transcorrido o prazo sen que a persoa responsable atendese ó requirimento, a administración titular da estrada procederá, sen máis trámites, á execución subsidiaria a costa daquela.

7. A administración titular da estrada retirará, sen máis trámites e a costa da persoa responsable, tódolos obxectos ou elementos abandonados, instalados ou depositados no dominio público viario que menoscaben a seguridade viaria ou obstaculicen o normal uso e explotación da estrada.

8. Cando unha obra ou instalación situada entre a estrada e a liña límite de edificación acade un estado ruinoso que poida provocar danos á estrada ou constituír un perigo para a circulación, a administración titular da estrada adoptará as medidas necesarias, instando ó concello no que se atope a obra ou instalación a incoar un expediente de declaración de ruína e a subseguinte demolición, no seu caso.

Artigo 56. Danos e perdas causados ó dominio público viario.

1. A administración titular da estrada procederá, sen máis trámites e con cargo á persoa causante, á execución das medidas necesarias para a reparación dos danos producidos ó dominio público viario e á reposición da realidade física alterada nel, cando supoñan un risco grave para a seguridade viaria.

2. A persoa causante dos danos deberá abonar á administración titular da estrada os danos e perdas ocasionados no prazo que, a tal efecto, se lle conceda. No caso de que un asegurador tivese asumido o risco derivado da responsabilidade civil da persoa causante dos danos, a administración titular da estrada poderá requirirlle directamente a aquela o pago dos danos e perdas causados ó dominio público viario.

Artigo 57. Compatibilidade de actuacións.

As medidas de protección da legalidade viaria recollidas neste Capítulo, incluíndo expresamente as indemnizacións por motivo dos danos e perdas causados ó dominio público viario, adoptaranse sen prexuízo das sancións e responsabilidades que resulten procedentes e poderán ordenarse e executarse pola administración titular da estrada tanto independentemente como dentro do procedemento de sanción previsto nesta Lei.

TÍTULO V - RÉXIME SANCIONADOR

CAPÍTULO I - INFRACCIÓNS

Artigo 58. Infraccións viarias.

Teñen a consideración de infraccións administrativas viarias as accións que vulneren as prescricións contidas nesta Lei, de acordo coa tipificación que se establece nela.

Artigo 59. Tipificación das infraccións.

1. Son infraccións leves:

a) Realizar obras, instalacións, usos ou actuacións nas zonas de protección da estrada, levadas a cabo sen as autorizacións requiridas ou incumprindo algunha das prescricións impostas nas autorizacións outorgadas, cando poidan ser obxecto de legalización posterior na súa totalidade.

b) Colocar, verter, arroxar ou abandonar nos elementos funcionais e de servizo ou na zona de dominio público adxacente, obxectos, elementos ou materiais de calquera natureza, sempre que non poñan en perigo ás persoas usuarias da estrada.

2. Son infraccións graves:

a) Realizar obras, instalacións, usos ou actuacións non permitidas nas zonas de protección da estrada ou incumprindo algunha das prescricións impostas nas autorizacións outorgadas cando, neste último caso, non fose posible a súa legalización posterior.

b) Realizar obras, instalacións, usos ou actuacións na zona de dominio público da estrada, levadas a cabo sen as autorizacións requiridas ou incumprindo algunha das prescricións impostas nas autorizacións outorgadas, cando poidan ser obxecto de legalización posterior na súa totalidade.

c) Colocar, verter, arroxar ou abandonar nos elementos funcionais e de servizo ou na zona de dominio público adxacente, obxectos, elementos ou materiais de calquera natureza, cando poñan en perigo ás persoas usuarias da estrada.

d) Colocar, verter, arroxar ou abandonar na explanación da estrada, pero fóra da calzada e das beiravías, obxectos, elementos ou materiais de calquera natureza, sempre que non poñan en perigo ás persoas usuarias da estrada.

e) Deteriorar intencionadamente calquera elemento da estrada directamente relacionado coa ordenación, orientación, sinalización e seguridade da circulación, ou modificar as súas características ou situación, cando non se impida que o elemento de que se trate siga prestando a súa función.

f) Destruír, deteriorar, alterar ou modificar intencionadamente calquera obra ou instalación da estrada ou dos seus elementos funcionais, cando non se afecte á calzada ou ás beiravías.

g) Establecer nas zonas de protección, instalacións de calquera natureza ou realizar actividades que resulten perigosas, incómodas ou insalubres para as persoas usuarias da estrada, sen adoptar as medidas pertinentes para evitalo.

3. Son infraccións moi graves:

a) Realizar obras, instalacións, usos ou actuacións non permitidas na zona de dominio público da estrada ou incumprindo algunha das prescricións impostas nas autorizacións outorgadas cando, neste último caso, non fose posible a súa legalización posterior.

b) Colocar, verter, arroxar ou abandonar na explanación da estrada, pero fóra da calzada e das beiravías, obxectos, elementos ou materiais de calquera natureza, cando poñan en perigo ás persoas usuarias da estrada.

c) Colocar, verter, arroxar ou abandonar na calzada da estrada, obxectos, elementos ou materiais de calquera natureza.

d) Substraer ou, intencionadamente, destruír ou deteriorar calquera elemento da estrada directamente relacionado coa ordenación, orientación, sinalización e seguridade da circulación ou modificar as súas características ou situación, cando se impida que o elemento de que se trate siga prestando a súa función.

e) Destruír, deteriorar, alterar ou modificar intencionadamente calquera obra ou instalación da estrada ou dos seus elementos funcionais, cando se afecte á calzada ou ás beiravías.

Artigo 60. Concorrencia de infraccións.

Cando un mesmo feito sexa constitutivo de varias infraccións viarias imporase á persoa responsable unha sola sanción, que será a prevista para a infracción máis grave.

Artigo 61. Responsabilidade.

1. Serán responsables da infracción as persoas físicas ou xurídicas seguintes:

a) O promotor da actividade e, no seu caso, a persoa que a executa e o/a técnico/a director/a daquela. A estes efectos considérase igualmente promotor á persoa propietaria do terreo no cal se realiza a actividade infractora.

b) No caso de incumprimento das condicións dunha autorización administrativa, a persoa titular desta.

2. Nos supostos en que aparezan varias persoas responsables da actuación, responderán todas elas de forma solidaria da sanción que se impoña, da reparación dos danos e perdas ocasionados e do restablecemento da realidade física alterada.

Artigo 62. Obriga de restitución.

Sen prexuízo da sanción que se impoña, as persoas responsables dunha infracción das previstas nesta Lei teñen a obriga de indemnizar os danos e perdas causados pola infracción e de proceder a restituír e repoñer as cousas ó seu estado anterior. Esta obriga seralle esixida ás persoas responsables da infracción en calquera momento, independentemente da eventual prescrición desta os das sancións que deriven dela.

No caso de que a administración titular da estrada considere urxente a dita reparación ou restitución, procederase á súa execución con cargo á persoa infractora, sen necesidade de requirimento nin audiencia previa, e sen prexuízo da liquidación definitiva previa audiencia ó efecto.

Artigo 63. Prescrición das infraccións.

1. O prazo de prescrición das infraccións será de seis (6) anos para as moi graves, catro (4) anos para as graves e dous (2) anos para as leves.

2. O cómputo do prazo de prescrición iniciarase na data en que se tivese cometido a infracción ou, no caso de actividades continuadas, na data do seu cese. En caso de que a actividade constitutiva de infracción non puidese coñecerse por falta de manifestación de signos externos, o prazo computarase a partir de cando estes sexan manifestamente perceptibles.

3. O inicio do procedemento de sanción con coñecemento da persoa infractora interromperá o prazo de prescrición.

CAPÍTULO II - SANCIÓNS

Artigo 64. Sancións.

1. As infraccións previstas nesta Lei serán sancionadas do seguinte xeito:

a) As infraccións leves, con multa de douscentos cincuenta (250 €) a dous mil cincocentos euros (2.500 €).

b) As infraccións graves, con multa de dous mil cincocentos un (2.501 €) a dez mil euros (10.000 €).

c) As infraccións moi graves, con multa de dez mil un (10.001 €) a douscentos cincuenta mil euros (250.000 €).

2. Cando o beneficio que resulte dunha infracción viaria sexa superior á sanción que lle corresponda, esta incrementarase na contía equivalente ó beneficio económico obtido pola persoa infractora.

Artigo 65. Gradación.

1. A proposta de sanción aterase ás seguintes circunstancias de gradación:

a) Agravantes:

1.º Natureza dos danos e perdas producidos.

2.º Risco xerado.

3.º Intencionalidade da persoa causante ou responsable.

4.º Acumulación de ilícitos nun mesmo feito.

5.º Reincidencia, pola comisión nun prazo de dous (2) anos de máis dunha infracción viaria, cando así se apreciase por resolución administrativa firme.

6.º Dificultade técnica ou custe económico da reposición da realidade física alterada e da reparación dos danos e perdas causados.

7.º Alcance na perturbación da prestación do servizo público viario.

8.º Incumprimento das medidas de protección da legalidade viaria ordenadas.

b) Atenuantes:

1.º Recoñecemento dos feitos e da súa responsabilidade por parte da persoa responsable da actuación.

2.º Ter procedido a persoa responsable da actuación a diminuír os danos e perdas causados antes da iniciación do expediente de sanción.

3.º Ter procedido a persoa responsable da actuación a repoñer a realidade física alterada antes da resolución pola que se impón a sanción.

2. O importe da multa a impoñer determinarase tendo en conta as circunstancias de gradación concorrentes.

Artigo 66. Multas coercitivas.

1. Se ademais da imposición das sancións previstas neste capítulo, como consecuencia da infracción cometida, a resolución impuxera á persoa sancionada a obriga de restitución e reposición das cousas ó seu estado anterior, e non cumprise o prazo fixado naquela ou nun requirimento posterior, unha vez transcorrido o dito prazo, poderán impoñérselle multas coercitivas, conforme ó establecido na lexislación en materia de procedemento administrativo.

2. A contía de cada unha destas multas coercitivas non superará o vinte por cento (20%) da multa fixada para a infracción cometida.

3. A imposición de multas coercitivas é independente da imposición de multas en concepto de sanción e compatible con estas.

Artigo 67. Concorrencia de sancións.

1. As sancións administrativas que se impoñan ás distintas persoas responsables como consecuencia dunha infracción viaria teñen carácter independente.

2. Sen prexuízo de que a súa responsabilidade poida apreciarse nun mesmo procedemento administrativo, as persoas responsables de dous ou máis feitos constitutivos de infracción viaria serán sancionadas conforme ó previsto nesta Lei por cada unha das accións cometidas.

Artigo 68. Prescrición das sancións.

1. O prazo de prescrición das sancións será de tres (3) anos para as correspondentes a infraccións moi graves, dous (2) anos para as correspondentes a infraccións graves e un (1) ano para as correspondentes a infraccións leves.

2. O cómputo do prazo de prescrición contarase dende o seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que se impoña a sanción.

CAPÍTULO III - PROCEDEMENTO

Artigo 69. Potestade sancionadora.

A potestade sancionadora inclúe a imposición de:

a) Multas polas infraccións cometidas.

b) A obriga de restitución e reposición das cousas ó seu estado anterior.

c) Multas coercitivas.

d) O resto de medidas de protección da legalidade viaria.

Artigo 70. Procedemento e competencia.

1. O procedemento para a imposición de sancións por infraccións viarias axustarase ó establecido nesta Lei e, de xeito supletorio, na normativa estatal vixente en materia de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

2. A potestade sancionadora en materia de estradas corresponderalle a administración titular da estrada na que se teña cometido a infracción.

3. O exercicio da potestade sancionadora correspóndelle ós órganos administrativos ós que cada administración titular lle atribúa expresamente a competencia para a iniciación, instrución e resolución dos expedientes correspondentes, por disposición de rango legal ou regulamentario, sen que poidan delegarse en órgano distinto.

Artigo 71. Acción pública.

Será pública a acción para esixir a observancia do establecido nesta Lei.

Artigo 72. Condición de autoridade.

O persoal funcionario adscrito ás funcións de conservación e explotación das estradas terá a consideración de axente da autoridade cando se atope no exercicio das ditas funcións e os feitos reflectidos nas actas de inspección e denuncias que formule presumiranse certos, tendo estas a natureza de documento público.

Artigo 73. Condutas constitutivas de delito ou falta.

1. Nos supostos en que os actos cometidos contra a estrada ou os seus elementos funcionais puideran ser constitutivos de delito ou falta, a administración titular da estrada trasladará o actuado á autoridade xudicial competente e absterase de proseguir o procedemento de sanción mentres esta non se teña pronunciado. Así mesmo, suspenderase o procedemento ó coñecer o desenvolvemento dun proceso penal sobre os mesmos feitos sobre os que se teña iniciado o procedemento administrativo de sanción.

2. O desenvolvemento dun proceso penal non exclúe a posibilidade de que a administración titular da estrada exercite as medidas de protección da legalidade viaria previstas no Capítulo IV do Título IV desta Lei.

3. A sanción penal excluirá a imposición de sanción administrativa, pero non a obriga de repoñer a realidade física alterada.

4. De non estimarse a existencia de delito ou falta, a administración titular da estrada poderá proseguir ou, no seu caso, iniciar, o expediente de sanción sen máis límite que o respecto dos feitos declarados probados expresamente polos tribunais.

Artigo 74. Vía administrativa de constrinximento.

Poderán esixirse pola vía administrativa de constrinximento os importes correspondentes ás multas. Tamén se poderá empregar este procedemento para esixir os importes correspondentes ós danos e perdas causados, así como ós derivados dos gastos pola reposición da realidade física alterada. Neste último caso, o importe determinarase en función do custo que para a administración titular da estrada supoña a citada reposición.

Artigo 75. Caducidade do procedemento.

O prazo máximo para ditar e notificar a resolución que poña fin ó procedemento será dun (1) ano, contados a partir da data en que se incoou o expediente de sanción. Por proposta xustificada do/a instrutor/a, o órgano competente para resolver poderá acordar a ampliación do prazo máximo, sempre que non exceda da metade deste.

O cumprimento do prazo máximo sen que se notifique a resolución implicará a caducidade do procedemento. Non obstante, poderá abrirse un novo expediente de sanción cando os feitos constitutivos da infracción non tivesen prescrito conforme ó establecido nesta Lei. A estes efectos, conservarán a súa validez os actos de trámite previos á instrución do expediente caducado e nomearase a unha persoa distinta como instrutora deste.

Disposición adicional primeira. Edificacións, instalacións e peches preexistentes.

1. Nas edificacións, instalacións e peches preexistentes na zona comprendida entre a liña exterior de delimitación da calzada da estrada e a liña límite de edificación poderanse autorizar, no que á lexislación sectorial en materia de estradas se refire, e sempre que quede garantida a seguridade viaria na estrada e nos seus accesos e non se produza cambio de uso nin incremento de volume edificado, por encima ou por debaixo da rasante do terreo:

a) Con carácter xeral, as obras de mantemento, conservación e rehabilitación.

b) Excepcionalmente, obras de rehabilitación estrutural, naqueles supostos de interese público ou social, así cualificados.

2. As edificacións, instalacións e peches preexistentes que se vexan afectadas por obras de reforma da estrada e que conten con autorización, sempre que lles fose esixible, poderán ser repostas, polo súa persoa propietaria ou pola administración titular da actuación, coas mesmas características que tivesen e, en todo caso, fora da zona de dominio público.

Disposición adicional segunda. Organismos xestores.

1. As administracións titulares das redes de estradas poderanlle encomendar a un organismo autónomo ou axencia pública a xestión da rede de estradas na súa totalidade, de estradas individuais, de conxuntos delas ou treitos daquelas, de elementos dos seus elementos funcionais ou de servizo e/ou das actuacións que en cada caso se realicen, que actuará como organismo xestor daquelas.

2. Na normativa de desenvolvemento que regule o funcionamento do organismo xestor, a administración titular poderá atribuírlle a aquel o exercicio das competencias que nesta Lei lle

corresponden a ela, para o exercicio efectivo das funcións relacionadas co ámbito de xestión que lle teña sido encomendado.

3. En todo caso, serán exercidas pola propia administración titular, as competencias que están expresamente atribuídas ó Consello da Xunta de Galicia, á consellería da Xunta de Galicia competente en materia de estradas e as seguintes:

a) Con respecto ós plans sectoriais de estradas da súa titularidade e ás súas modificacións, establecer os obxectivos e directrices do seu contido, aprobalos provisionalmente e elevalos ó Consello da Xunta de Galicia.

b) Acordar con outras administracións cambios na titularidade das estradas.

c) Resolver os expedientes de información pública e audiencia en materia de estradas.

d) Aprobar definitivamente os estudios informativos ou, no seu caso, os estudos ou proxectos que asuman a súa función segundo o previsto nesta Lei.

e) Informar as propostas de redacción, revisión ou modificación de instrumentos de planeamento que afecten ás estradas existentes ou a actuacións previstas nos plans de estradas vixentes.

f) Establecer medidas ou procedementos compensatorios que, nos treitos das estradas onde se estableza un pago de peaxe ou taxa polo seu uso, veñan a reducir ou anular o pago directo polas persoas usuarias.

g) Aprobar o establecemento de contribucións especiais.

h) Aprobar a redución excepcional das distancias establecidos con carácter xeral para a liña límite de edificación.

4. Os recursos xerados pola explotación das estradas e as contribucións especiais, segundo se definen nesta Lei, ingresaranse no patrimonio do correspondente organismo xestor, no caso de que exista.

Disposición adicional terceira. Actualización de sancións.

A contía das multas previstas nesta Lei poderá ser actualizada mediante decreto do Consello da Xunta de Galicia.

Disposición transitoria primeira. Réxime transitorio.

1. Os procedementos administrativos iniciados con anterioridade á entrada en vigor desta Lei rexeranse polo disposto na normativa anterior, salvo que resultaran restritivos dos dereitos dos particulares.

2. Cando os procedementos administrativos iniciados con anterioridade á entrada en vigor desta Lei deran lugar a recursos económicos pola explotación das estradas, análogos ós previstos nesta, entenderanse xerados a favor do correspondente organismo xestor, no caso de que exista e, no seu defecto, da administración titular.

Disposición transitoria segunda. Normativa de aplicación supletoria.

En tanto non se aprobe o Regulamento de desenvolvemento desta Lei, será de aplicación supletoria a normativa estatal de rango regulamentario en materia de estradas, no que non se opoña a esta Lei.

Naqueles aspectos nos que non se teñan ditado normas ou instrucións de contido técnico por parte da consellería da Xunta de Galicia competente en materia de estradas, serán aplicables as aprobadas polo Ministerio de Fomento para as estradas da Rede de Interese Xeral do Estado, no que non se opoñan a esta Lei ou ó seu Regulamento.

Disposición derrogatoria única. Cláusula derrogatoria.

Queda derrogada a Lei 4/1994, de 14 de setembro, de Estradas de Galicia e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan á presente Lei.

Disposición final primeira. Título competencial.

Esta Lei dítase ó amparo do disposto no artigo 148.1.5º da Constitución Española, que establece que as comunidades autónomas poden asumir competencias en materia de estradas cando o seu itinerario se desenvolva integramente no territorio destas e do artigo 27.8 do Estatuto de Autonomía de Galicia que lle reserva á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva en materia de estradas non incorporadas á Rede de Interese Xeral do Estado cando o seu itinerario se desenvolva integramente no territorio desta.

Disposición final segunda. Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.

Habilítase á Xunta de Galicia para o desenvolvemento regulamentario desta Lei.

Disposición final terceira. Entrada en vigor.

Esta Lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.